

A CORUÑA

EUROPE DIRECT A Coruña estrea 'Experiencia Europa'

POR REDACCIÓN A CORUÑA | PUBLICADO 28/12/2023

[COMPARTE](#)[COMPARTE](#)

Unha exposición interactiva itinerante para dar a coñecer a relevancia da transición dixital nos concellos da provincia



Experiencia Europa é unha exposición interactiva e itinerante que achegará a concellos rurais da provincia da Coruña o funcionamento da Unión Europea e a súa influencia no día a día a través dunha experiencia dixital.



Esta relevancia da transición dixital en Europa é o eixo central da mostra, que se pode experimentar a través de dispositivos multimedia con pantallas táctiles. Dende elas, os e as visitantes poderán acceder a Espazo Europa, unha contorna virtual que mistura 3D e 4D na que se poden explorar os símbolos e valores da Unión Europea, así como a importancia da cultura e a ciencia. Tamén haberá un espazo adicado a descubrir o Parlamento Europeo, a través de vídeos, xogos e outros soportes.



A experiencia continúa na área "Aprende, visita, xoga e participa". Nela haberá un apartado adicado ao coñecemento da Intelixencia Artificial, no que a Unión Europea é pionera na súa regulación e tamén visitas virtuais a institucións europeas e xogos educativos para todas as idades.



Experiencia Europa tamén ofrece un recuncho interactivo no que os ciudadáns e ciudadás terán a oportunidade de contribuir coa súa opinión a un estudio provincial sobre os principais retos para o futuro da Unión Europea. O público poderá levar como recorde da súa experiencia unha fotografía xerada por un sistema de intelixencia artificial que insire ao usuario en diferentes espazos.



A exposición complétase cunha mostra de vídeos realizados por EUROPE DIRECT A Coruña e que achegan información tanto xeral como especializada das oportunidades de participación e formación que ofrece a Unión Europea aos diferentes públicos.



Despois da estrea no mes de decembro no Pazo Provincial da Deputación da Coruña, Experiencia Europa comezará a súa itinerancia no mes de xaneiro pola provincia e visitará nove localidades ata o mes de outubro.



EUROPE DIRECT A Coruña é un centro de información oficial da Comisión Europea que pertence á Deputación da Coruña. A misión do centro, que iniciou a súa traxectoria no ano 1996, é traballar coa cidadanía, os medios de comunicación e as entidades locais cos obxectivos de implicar á poboación en temas europeos, así como proporcionar contidos sobre as políticas e as prioridades da UE. Tamén axudar á Comisión Europea a adquirir unha visión xeral das sensibilidades locais relacionadas coas súas políticas e promover a cidadanía europea activa nas escolas.

Comparte éste artículo

FACEBOOK

TWITTER

in

en

pt



ESCRIBE TU COMENTARIO

Noticias relacionadas



A CORUÑA VIA VERDE

A Deputación da Coruña licita por 796.766 euros a primeira fase das obras do tramo compostelán da Vía Verde



A CORUÑA BETANZOS

Primeiro día do 2024. «De hoxe nun ano. ¡Viva Betanzos!»



A CORUÑA CEE

Os Bombeiros de Cee excarceran a un condutor atrapado no interior do seu vehículo



A CORUÑA OLEIROS

PP de Oleiros: "El Alcalde engaña a los vecinos en sus críticas al Bono Cuidado en el Hogar, impulsado por la Xunta"



CARGAR MAS

21NOTICIAS

CONTACTO 21NOTICIAS

redaccion@21noticias.com

publicidad@21noticias.com

SUÍGUENOS

